

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VALORIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO XEODESTINO Nº12 MANZANEDA – TREVINCA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración técnica e económica entre o INORDE e a Axencia de Turismo de Galicia para a realización de actividades de promoción turística do xeodestino n 12 Manzaneda - Trevinca a través da realización das seguintes accións:

1. Formación dos recursos humanos
2. Plataforma web
3. Accións de e-mail márketing, redes sociais e reputación on line
4. Creación dun produto turístico e plan de captación eventos deportivos dentro do ámbito do turismo deportivo
5. Accións de promoción e comercialización en feiras, eventos deportivos e culturais dentro do xeodestino Manzaneda Trevinca
6. Mechandising

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

No Plan Estratéxico do Turismo 2020, de acordo co obxectivo estratéxico 5.5. Xeodestinos. Impulso a ordenación territorial turística de Galicia, na liña estratéxica 5. Cooperación na cadea de valor do turismo, a Axencia Turismo de Galicia desenvolve accións de apoio a aqueles xeodestinos que contan con organización para levar a cabo actuacións de promoción dos mesmos.

Terceiro.- O INORDE aprobou a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino turístico nº 12 Manzaneda - Trevinca dun convenio de colaboración para a execución das actuacións dunha primeira fase do Plan Director do xeodestino. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase



do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio

Cuarto.- De conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins, e de acordo cos seus estatutos o obxectivo da entidade é a promoción, o desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense.

Quinto.- Co fin de consolidar e planificar unha estratexia de desenvolvemento turístico nesta área no ano 2016 aprobouse o plan director do xeodestino Manzaneda-Trevinca onde se priorizaban as liñas de acción para potenciar os diversos recursos turísticos da área e se determinaba un cronograma de tres anualidades para á súa execución. Coa sinatura deste convenio Turismo de Galicia quere contribuir a potenciación e desenvolvemento deste xeodestino. Asemade procurárase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a zona.

Que a través deste convenio, outórgase ao INORDE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

